



**ANXELES GONZÁLEZ CRUXEIRAS**, Concelleira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)** neste Concello, presenta a seguinte moción ante o Pleno da Corporación Municipal en relación coa situación do **Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán.**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Parque Natural de Corrubedo atópase dentro da Rede Galega dos Espazos Protexidos, conta con figuras de protección como as de Parque Natural, Humedal Protexido, Zona de Especial Protección para as aves (ZEPA) e Lugar de Importancia comunitaria (LIC). Pero a protección desta zona vai moito máis aló, e con respecto ás áreas protexidas de ámbito internacional atópase dentro dos humedais de importancia internacional como hábitat de aves acuáticas, así se recolle no convenio RAMSAR (1971), un tratado intergubernamental que proporciona o marco para a acción nacional e a cooperación internacional en favor da conservación e o uso racional dos humedais e os seus recursos.

Dende o 5 de Xuño de 1992, en que foi declarado Parque Natural este espazo, a situación mudou para precario; nestes 19 últimos anos e ata o de agora, as políticas de xestión que se levaron a cabo dende as distintas administracións públicas foron escasas ou máis ben nulas, así é que a día de hoxe, este espazo non conta con Plan de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN) nin co Plan Rector de Uso e Xestión (PRUX), aos que a Lei 9/2001 de Conservación da Natureza obriga.

Esta Lei, cando fala dos deberes da Conservación no seu punto segundo di claramente que *“Tódalas Administracións, no ámbito das súas competencias, asegurarán o mantemento, a protección, a preservación e maila restauración dos recursos naturais, con independencia da súa titularidade ou réxime xurídico, garantindo que a xestión daqueles se produza sen mingua da súa potencialidade e compatibilidade cos fins da súa conservación”*.

E evidente que se non se conta con estes instrumentos de planificación e xestión, calquera iniciativa que se queira por en marcha ou calquera actuación que se pretenda levar a cabo van estar abocadas á paralización ou fracaso.

O 18 de Xuño de 2010 o DOG publicou a orde de axudas destinada a realizar accións de conservación e desenvolvemento sustentábel nos parques naturais de Galiza. Segundo consta nesta orde o obxecto das axudas é fomentar a conservación destes espazos e contribuír a mellorar a calidade de vida das persoas que viven nos parques naturais. Esta orde é de carácter bianual, fixando en todo caso como tope máximo finais do ano 2010 para resolver estas axudas. As cantidades que orixinalmente aparecen establecidas para as dúas anualidades é de 1.260.000 €, correspondendo ao Parque Natural de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán unha cifra de 2140.00 €.

Segundo nos teñen trasladado a este Grupo Municipal do BNG habitantes deste Parque Natural, a data de hoxe, non teñen constancia de si as axudas que solicitaron foron concedidas ou

**SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA**



non. A Xunta está incumprindo a orde de resolución, prexudicando as persoas e entidades que presentaron proxectos (co conseguinte gasto á hora de elaborar proxectos para poder acollerse a estas axudas ou solicitar as licencias) e limitando as accións de conservación e mellora da calidade de vida dos habitantes de espazos naturais protexidos.

Por todo isto, o Grupo Municipal do BNG solicita o apoio da Corporación Municipal para adopción do seguinte

### **A C O R D O :**

1. Instar á Xunta de Galiza a axilizar os trámites para facer efectivos o PORN e o PRUX deste Parque Natural, e que na súa elaboración se teñan en conta a todos os sectores sociais directamente afectados.
2. Instar á Xunta de Galiza a notificar a resolución destas axudas publicadas ao abeiro da Orde de 10 de Xuño de 2010.

Ribeira, 15 de xullo de 2011

Asdo.: Anxeles González Cruxeiras

**SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA**